

A parroquia rural en Galicia

Xosé Fariña Jamardo

EGAP, Santiago de Compostela, 1996.

A primeira edición de *A parroquia rural en Galicia* (Madrid, 1975) foi saudada pola crítica como unha novidade que viña paliar un inexplicable baleiro bibliográfico. Unha institución de tanta importancia histórica para Galicia como a parroquia, non tiña ata ese momento un estudio xeral sobre a súa evolución e características propias. A obra de Fariña veu encher en parte este baleiro.

A parroquia rural en Galicia ten a súa orixe na tese de doutoramento do autor, que, dito sexa de paso, é unha persoa que lle dedicou a súa vida ó municipalismo. Fariña Jamardo conta no seu haber cun número considerable de publicacións, a maioría delas referidas á temática relacionada coa Administración local. Estamos polo tanto ante un especialista nesta materia.

En 1981 o libro foi reeditado polo mesmo organismo que fixera a primeira edición, é dicir o Instituto de Estudos de Administración Local. Recentemente a Escola Galega de Administración Pública realizou unha nova edición desta obra, que desde hai tempo

se atopaba esgotada. Esta terceira edición reproduce a segunda, poñendo ó día a lexislación, fundamentalmente a referida ós montes veciñais e ó réxime local. As novidades respecto das edicións anteriores cinguense principalmente a estes aspectos.

A obra de Fariña Jamardo ten a grandeza e as limitacións das obras pioneiras. Ata a súa publicación os estudos sobre a parroquia galega referíanse unicamente a algúns aspectos concretos da institución parroquial, ou ben eran traballos de investigación sobre algunhas parroquias en particular. O mérito de Fariña consiste en facer unha síntese global do tema. As súas limitacións veñen determinadas pola escaseza de estudos previos de carácter monográfico.

É importante subliñar que o autor se centra na parroquia rural, e son moi escasas as referencias ás parroquias propiamente urbanas. O ámbito xeográfico que abrangue a obra é toda Galicia. Fariña ten unha concepción clásica sobre a parroquia, que para el é unha institución natural básica de Galicia. Hai que indicar tamén que nesta terceira edición o autor incorpora pouca bibliografía posterior a 1981, é dicir, o ano da segunda edición.

• • •

A obra divídese en catro grandes capítulos: orixe histórica da parroquia, as características da parroquia rural, a actualidade da parroquia rural como entidade local e as conclusións da obra. Imos expoñer brevemente os principais puntos destes capítulos.

O primeiro principia co estudio do nacemento da parroquia cristiá en España. O autor parte da premisa de que a parroquia tal como hoxe se presenta é unha institución eclesiástica utilizada no ámbito civil e administrativo e que constitúe unha agrupación social característica de seu. O termo «parroquia» procede do grego e significaba «habitación ou reunión de habitantes». Nun principio foi utilizada como sinónimo de diócese, por isto existe certa confusión no uso de ámbalas dúas palabras nos primeiros séculos do cristianismo. Fariña fai, a continuación, un estudio exhaustivo sobre a orixe histórica da parroquia galega. Mostra a continuidade existente entre os castros, as *villae* e as parroquias, e asume a tese de Barreiro Fernández (*La reforma estructural de la microparroquia rural de Galicia*, Santiago, 1968) de que a Igrexa se instala nunha organización anterior, cristianizándoa. Fariña examina tamén a existencia de primitivas igrexas veciñais en Galicia e a figura do padroado popular.

O segundo capítulo está dedicado ás características da parroquia rural galega e á súa evolución. No primeiro apartado trátase a parroquia como unidade relixiosa. Estudia as distintas fontes históricas das parroquias rurais galegas (os libros de visitas, de fábrica, de confrarías, etc.). Neste capítulo é interesante a observación dos

cemiterios como formadores da unidade parroquial, de tal xeito que o conxunto igrexa-cemiterio é consubstancial coa paisaxe galega. Son significativas as mencións ás intervencións dos deputados galegos durante a República sobre o uso dos cemiterios parroquiais galegos, como Pita Romero que fala do «inveterado uso público que se hace de ese lugar llamado atrio» (pax. 191). De seguido, Fariña estudia outras institucións como o padroado e o beneficio, os décimos, o patrimonio e destros. Despois estudia a relación eclesiástico-social. Asegura que entre os séculos XVI e XIX, a través dos libros de fábrica e de visitas, se pode observa-lo grande vínculo que no relixioso tiña o campesiño coa súa parroquia, «e como a mesma rebordaba o ámbito que podemos cualificar de eclesiástico para influír na vida de relación, e igualmente na vida privada, dos seus fregueses ou veciños» (páx. 238). Fariña observa unha confusión do eclesiástico co social, pero esta confusión non impide que houbese friccións. Hai ás veces tensións entre os veciños e o párroco, como o conflito de Taragoña entre 1970 e 1980, que levou a un autor a definilo como «conflito único en la cristiandad» (páx. 262). Segundo Fariña a rectoría do párroco nas freguesías galegas foi moi importante ata mediados do século XIX. Destaca tamén a defensa da parroquia e da igrexa propia por parte dos fregueses: «Sobre este particular convén ter presente o sentido de dependencia que en relación coa súa freguesía tiveron sempre os labregos galegos, circunstancia que en moitas ocasións poñen de manifesto os escritores rexionais e que na orde material se manifesta na defensa dos límites territoriais da parroquia, na reacción contra calquera intento de modificación ou de introducción de cambios na estrutura parroquial; e na repulsa ós estraños á comunidade» (páx. 267). Neste apartado bótase en falta quizais o estudio sobre a creación pola Igrexa de novas parroquias durante o século XX e as causas que motivaron a aparición das mesmas (aumento da poboación, a existencia dunha especialización profesional nos habitantes de certas parroquias como ocorreu en Perlío, etc.).

O autor estudia de seguido a parroquia como unidade socio-económica e administrativa. Segundo o seu criterio a parroquia como unidade social e territorial está na base dunha serie de prácticas, obrigacións e dereitos «que establecen determinados vínculos entre os habitantes da freguesía, creando un singular dereito consuetudinario, xa que moitas destas prácticas e formas de actuar comunitarias, se repiten na maioría das parroquias da nacionalidade» (páx. 272). Fariña fala dos traballos en común dos fregueses: axudas benéficas, loita contra animais daniños, servicios e obras comunitarias, entre outros.

O seguinte apartado está dedicado ó estudio da parroquia como entidade sociolóxica: a unidade territorial (defensa sen reparos da

propia parroquia), as sociedades parroquiais agro-mutualistas e a influencia da figura do párroco. Outros apartados deste capítulo tratan da relación entre os montes veciñais e a parroquia, o recrutamento militar e a parroquia, a visión da parroquia como unidade tributaria, a demarcación parroquial (continuidade dos castros e *villae* coa parroquia: os límites parroquiais son celosamente gardados a través dos séculos) e a concentración parcelaria. Estúdanse tamén as relacións entre parroquia e municipio. Fariña destaca que a parroquia non tivo carácter municipal, excepto en contadas ocasións ou a non ser que fose un couto. Ademais, na súa opinión, a maioría das parroquias rurais galegas non coñeceron moita acción municipal, a excepción do cobro de arbitrios e algunha pequena subvención proveniente dun pedáneo influente. Cando no primeiro tercio do século XIX aparecen os novos concellos constitucionais, configúranse estes pola agrupación de parroquias. Fariña trata tamén diversos aspectos da acción parroquial: «A parroquia rural, en canto unidade comunitaria que substitúe a vila, como esta substituíu o castro, perfílase non só como grupo social, senón como entidade colectiva que representa os individuos que a integran nas relacións co exterior, ben sexan sociais ou de tipo fiscal ou administrativo, e isto dende os primeiros anos do seu nacemento» (páx. 442). O autor fala dun *sentido parroquial*, en canto que a parroquia «se cohesiona e se defende fronte ó exterior, conserva as esenciais do primitivo clan. A parroquia vaise definindo deste xeito como unha unidade territorial, unha unidade relixiosa e unha unidade social. Os lazos desta unión entre os fregueses son, co paso do tempo, máis fortes» (páx. 443).

Fariña defende a pervivencia da parroquia: «no mapa parroquial futuro de Galicia haberá que ter presentes as posibilidades de fusión, incorporación voluntaria e integración das parroquias anexas coa parroquia matriz (...). O que non será admisible de ningún xeito é que despois dunha permanencia de séculos, contra vento e marea, se intentase agora, por reduci-lo número de parroquias, suprimir ou xuntar algunha parroquia rural, sempre que conserve a súa identidade e a súa entidade tradicional, como un grupo social e claramente diferenciado» (páx. 472).

O terceiro capítulo titúlase «Actualidade da parroquia rural como entidade local». O autor trata en primeiro lugar a parroquia no dereito comparado (Francia, Bélxica, Portugal, etc.) e noutras rexións limítrofes (Asturias, León). De seguido estúdanse os proxectos e a lexislación do réxime local español. Nos sucesivos textos lexislativos a parroquia rural galega non se regula como entidade local diferenciada, se ben as leis municipais se ocupan dela dunha maneira indirecta. Noutro apartado examínase a parroquia na lexislación, na doutrina e na realidade de Galicia. A parroquia serviu

como base territorial para a formación de censos e doutros documentos de poboación. A parroquia galega aparece mencionada en multitude de textos ó longo do tempo (diccionarios xeográficos, relatorios e estudos de carácter oficial, etc.) e tamén na prensa (aínda que o autor se limita ó estudio de *La Región*). A existencia da parroquia constátase tamén en diversos relatorios de asembleas e congresos e nos varios proxectos de estatuto de autonomía.

No último apartado deste capítulo, Fariña proporciona un «Proxecto para unha regulación legal da parroquia rural en Galicia», que son unha serie de propostas cara a unha regulación normativa da parroquia rural galega. A primeira proposta é unha declaración de intencións: «A entidade rural básica no ordenamento do réxime local en Galicia, con personalidade territorial, social, xurídica e administrativa, é a parroquia» (páx. 565). Fariña é partidario dunha defensa sen limitacións da parroquia rural. Participa dunha concepción da parroquia *ideal*, trasladable a toda Galicia, e quizais neste punto é onde se pode disentir máis do autor. O grande drama da parroquia rural galega é que posiblemente o seu tempo xa pasou. A parroquia é unha institución estreitamente vinculada á Galicia rural e agrícola. Nun tempo de grandes cambios, de caída da poboación dedicada ó sector primario, de baleiro demográfico en moitas parroquias rurais galegas, quizais non teña moito sentido propoñer unha volta á parroquia tradicional. Como di González Mariñas (*Territorio e identidade: Galicia como espacio administrativo*, Santiago, 1994) a parroquia galega sofre unha «posición diabólica»: ou se funcionaliza dentro do concello ou nunca acadará un recoñecemento legal.


Nun traballo universitario (e a obra de Fariña éo na súa orixe) as conclusións ocupan un lugar importante. O autor articula estas conclusións en razón da *unidade* da parroquia rural galega. Esta unidade, que está na esencia da parroquia, é vista a través dos distintos capítulos estudados (unidade histórica, territorial, económica, fiscal, relixiosa, social e administrativa).

Fariña define a parroquia rural galega como unha institución viva, a pesar de que nunca acadou un recoñecemento expreso na lexislación local. O Estado utilizouna de feito para diversos fins. O autor ve na parroquia unha unidade histórica, a partir da súa evolución castros-*villae*-parroquias. A súa nota máis acusada é a permanencia: «pervive ó ser desde o seu nacemento, non unha institución oficial senón unha institución natural, xurdida dos propios condicionamentos do hábitat e do seu contorno físico e social» (páx. 574). A parroquia rural galega é un ente local de base e o seu devir histórico «está feito polo conxunto de pequenos sucesos que concorren na vida dos grupos sociais naturais» (páx. 575).

A parroquia rural galega ten unha unidade territorial: «os lin-

deiros das parroquias galegas son certos, naturais, definidos, respectados (...). Para moitos fregueses, e ata data recente, os límites parroquiais limitaban o seu propio mundo terreal, no que transcorría a súa existencia, pero representaban tamén o mundo onde repousaría despois de morto» (páx. 575). A parroquia ten tamén unha unidade económica, dentro dunha autarquía, con formas de vida austeras e pouco evolucionadas, cunha certa especialización en servizos básicos. Isto trae como consecuencia un acrecentamento do sentido de independencia, en relación co que existe fóra dos lindeiros parroquiais, e de cohesión no grupo social que habitaba dentro dos ditos lindeiros. A parroquia ten tamén unha unidade fiscal: «o feito de se-la parroquia rural galega unha unidade económica determinou e facilitou o seu tratamento como unidade fiscal. Os reis e os señores viron na parroquia unha unidade que simplificaba a imposición e a recadación de exaccións e de tributos» (páx. 576).

Para Fariña a parroquia ten unha unidade relixiosa. A parroquia cristiá é herdeira directa da vila. A influencia do abade ou do párroco vai máis alá do ámbito puramente eclesiástico. Hai unha mestura do eclesiástico co civil, do divino co terreal. Son os fregueses os que conservan e sosteñen a parroquia e por iso a consideran súa. A parroquia ten tamén unha unidade social: «se a parroquia galega, sen sinal legal, perviviu a través dos séculos, foi debido á súa cohesión social; a ser, dende o momento mesmo do seu establecemento, unha agrupación natural de persoas unidas polo vínculo de veciñanza e asentadas nun territorio claramente delimitado» (páx. 577). E ten, por último, unha unidade administrativa, que a tivo sempre de feito, aínda que carecese dun recoñecemento legal expreso.

Estamos, en resumo, ante un estudio importante no que se refire á caracterización da parroquia rural galega e ó seu devir histórico. Nestes asuntos Fariña Jamardo demostra un amplo coñecemento e dominio do tema, aínda que sexan máis discutibles as súas propostas de futuro nunha materia sempre proclive á polémica. 

José Luis Mínguez Goyanes

Doutor en xeografía e historia.
Corpo superior da Administración
da Xunta de Galicia